



CONCELLO DE VIGO
EDUCACIÓN

Escola
Municipal
de
Teatro
de
Vigo

II XORNADAS DE TEATRO ESCOLAR 2011

PROGRAMACIÓN

Luns, 4 de abril de 2011

- **9:25 horas: Saída de autobuses dos diferentes colexios.**
- **9:55 horas: Chegada dos autobuses ó Auditorio da ESAD Vigo (Escola Superior de Arte Dramático)**
- **10:10 horas: Presentación do acto.**
- **10:20 horas: Comezo das representacións**
 - ❖ **10:20 horas: CEIP JAVIER SENSAT**
 - Título:** "Todo é un conto".
 - Autor:** Socorro Trajes Fernández.
 - Sinopse:** Doutor e doutora que abren unha consulta para personaxes de contos e van pasando pola consulta pero ningún deles paga a consulta. Unha manifestación de tres rapaces protestan por cambiar os contos e ó final unha canción volve as cousas ó seu sitio.
 - Duración: 20 min
 - ❖ **10:50 horas: CEIP LOPE DE VEGA**
 - Título:** "A outra historia de Carapuchiña Vermella".
 - Autor:** Creación propia.
 - Sinopse:** Unha versión totalmente diferente deste clásico na que se rompen tódolos tópicos dos seus personaxes.
 - Duración:** 30 min
- **11:20 horas: DESCANSO (30 min)**
 - ❖ **11:50 horas: ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO (EXPRESIÓN DRAMÁTICA II)**
 - Título:** "Pilleiche, Carrapuchiña".
 - Autor:** Carles Cano.
 - Sinopse:** Esta historia comenza de xeito clásico; un avó vén contarnos uns contos, cando aparecen unhas directoras de televisión e trastocan todo o plan do noso avó. E os personaxes dos contos cambian de personalidade:



CONCELLO DE VIGO
EDUCACIÓN

Escola
Municipal
de
Teatro
de
Vigo

Carrapuchiña deixa de ser a neniña responsable, o porquiño anda na busca do seu irmán, o lobo é mansiño, a Cincenta anuncia produtos de limpeza... o mundo dos contos revolucionase por completo e os personaxes de sempre teñen novas historias que contarnos.

Duración: 30 minutos

- **12:20 horas: Clausura da Xornada Teatral e entrega de diplomas.**
- **12:55 horas: Saída dos autobuses con destino ós diferentes colexios.**

Martes, 5 de abril de 2011

- **9:15 horas: Saída de autobuses dos diferentes colexios.**
- **9:35 horas: Chegada dos autobuses ó Auditorio da ESAD Vigo (Escola Superior de Arte Dramático)**
- **10:00 horas: Presentación do acto.**
- **10:10 horas: Comezo das representacións.**

❖ **10:10 horas: CEIP A DOBLADA**

Título: "O soño do pequeno rato".

Autor: Adaptación da obra de Julia Donaldson.

Sinopse: Estas dúas historias narran os dous soños do pequeno rato.

En "The Gruffalo" o rato alardea de ser a criatura máis forte, temíbel e lista do bosque. Atópase varis animais do bosque que o queren papar. Rexeita o convite dicindo que quedara co Gruffalo ó que describe coma unha criatura temíbel. Finalmente cando cre telos burlados a todos aparéceselle o Gruffalo, ó que tamén escorrenta. E en "Paco" o rato que se encontra mirando a lúa descobre a historia de Paco que é outro rato.

Duración: 30 minutos

❖ **10:50 horas: CEIP PINTOR LAXEIRO**

Título: "A viaxe de Farrapos".

Autor: Carlos Labraña.

Sinopse: Un boneco de neve camiña polas estacións da vida con moitos amigos que o axudarán e non o abandonarán , dándolles bos consellos ao longo da súa longa viaxe.

Duración: 30 min



CONCELLO DE VIGO
EDUCACIÓN

- **11:20 horas: DESCANSO (30 min).**
 - ❖ **11:50 horas: CEIP CARRASQUEIRA**
 - Título:** “*The Sound of Music*”.
 - Autor:** Baseada na película dirixida por Robert Wise, con cancións de Richard Rodgers e Óscar Hammerstein.
 - Sinopse:** María, unha xoven novicia , é enviada a casa do Capitán Von Trapp para exercer de institutriz dos seus sete fillos. O capitán é un viúvo que mantén a raia a súa prole cun estilo autoritario e dominante. María pronto faise co cariño dos nenos, ensinándoos a xogar e a cantar, gañando tamén o corazón do Capitán.
 - Duración:** 40 min
- **12:30 horas: Clausura da Xornada Teatral e entrega de diplomas.**
- **13:05 horas: Saída dos autobuses con destino ós diferentes colexios.**

Mércores, 6 de abril de 2011

- **9:15 horas: Saída de autobuses dos diferentes colexios.**
- **9:35 horas: Chegada dos autobuses ó Auditorio da ESAD (Escola Superior de Arte Dramático)**
- **10:00 horas: Presentación do acto.**
- **10:10 horas: Comezo das representacións.**
 - ❖ **10:10 horas: ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO
(EXPRESIÓN DRAMÁTICA I)**
 - Título:** “Pinocho”.
 - Autor:** Adaptación teatral de Leonel García sobre o conto orixinal de Carlo Collodi.
 - Sinopse:** Un ancián chamado Geppetto crea un boneco de madeira chamado Pinocho. O inventor desexa que Pinocho sexa un neno de verdade. A Fada Azul fai realidade o desexo de Geppetto e dá vida ao boneco, pero conservando o seu corpo de madeira. A Fada asigna a Pepito Grilo como conciencia de Pinocho, para que o afaste dos problemas e aconsélleo en situacións difíciles. Pepito Grilo non é escoitado por Pinocho, quen pasa por varios problemas para volver co seu pai Geppetto, ao reencontrarse, pidelle perdon e convértese nun neno de verdade.



CONCELLO DE VIGO
EDUCACIÓN

Escola
Municipal
de
Teatro
de
Vigo

É unha marabillosa e máxica historia universal que non caduca co tempo, e vale representada, calquera que sexa a nosa idade, é sempre divertido e gratificante.

Duración: 30 min

❖ **10:50 horas: CEIP EMILIA PARDO BAZÁN (CHOUZO)**

Título: “O parque enfermo” .

Autor: Adaptación do libro de Damián Cañas

Sinopse: As árbores do parque están cada vez máis enfermos.

Cloe, a xardineira, está moi preocupada porque non sabe que facer para que o parque volva a estar sán.

¿Cal será a menciña para salvalo?

Duración: 30 min

➤ **11:20 horas: DESCANSO (30 min)**

❖ **11:50 horas: CEIP ALFONSO D. RODRÍGUEZ CASTELAO**

Título: “A outra historia de Carapuchiña Vermella”.

Autor: José Luís Marqués.

Sinopse: Cal é a verdadeira historia de Carapuchiña Vermella? A que coñecemos de toda a vida? Ou foi Carapuchiña a mala do conto e a que maltrataba ao lobo? Esa é a outra historia de Carapuchiña Vermella?

Duración: 30 min

➤ **12:20 horas: Clausura da Xornada Teatral e entrega de diplomas.**

➤ **12:55 horas: Saída dos autobuses con destino ós diferentes colexios.**

Xoves, 7 de abril de 2011

➤ **9:15 horas: Saída de autobuses dos diferentes colexios.**

➤ **9:35 horas: Chegada dos autobuses ó Auditorio da ESAD Vigo (Escola Superior de Arte Dramático)**

➤ **10:00 horas: Presentación do acto.**

➤ **10:10 horas: Comezo das representacións.**

❖ **10:10 horas: CEIP O POMBAL**

Título: Adaptación da obra: ” Historia dunha sobreira”.

Autor: Ramón Caride.



CONCELLO DE VIGO
EDUCACIÓN

Escola
Municipal
de
Teatro
de
Vigo

Sinopse: Ante o inminente perigo da tala dunha sobreira no patio dun colexio, uns nenos póñense da súa parte e conseguen salvala.

Duración: 45 min

❖ **10:55 horas: CEIP SEIS DO NADAL**

Título: “Ai, mamasiña, que medo!!!”

Autor: Chus Pereiro.

Sinopse: Celidonia, bruxa profesional, chega a Xalundes, onde vive o Xigante Xuvenco, que papou ao alcalde, ao garda, ao cura,...Logo precisa axuda porque está doente e as bruxas axudaranlle e os paisanos celebran unha festa porque xá non lles vai facer mal nunca mais.

Duración: 30 min

➤ **11:25 horas: DESCANSO (30 min)**

❖ **11:55 horas: CEIP FRIÁN TEIS**

Título: “O Espírito do bosque”.

Autor: Victorio Blanco.

Sinopse: A obra desenvólvese nun bosque milenario onde personaxes fantásticos: fadas, trasnos, árbores animadas, conviven con gardas forestada, campistas, ecologistas, leñadores e mesmo unha profe coa súa clase. Rematan pedíndonos unha boa conciencia medioambiental.

Duración: 20 minutos

➤ **12:15 horas: Clausura da Xornada Teatral e entrega de diplomas.**

➤ **12:50 horas: Saída dos autobuses con destino ós diferentes colexios.**

Venres, 8 de abril de 2011

➤ **9:15 horas: Saída de autobuses dos diferentes colexios.**

➤ **9:35 horas: Chegada dos autobuses ó Auditorio da ESAD (Escola Superior de Arte Dramático)**

➤ **10:00 horas: Presentación do acto.**

➤ **10:10 horas: Comezo das representacións.**

❖ **10:10 horas: CPI DE PANXÓN**

Título: “Motín na Pinta”.

Autor: Pablo Fernández.



CONCELLO DE VIGO
EDUCACIÓN

Escola
Municipal
de
Teatro
de
Vigo

Sinopse: Mostra a vida dos mariñeiros a bordo da carabela “A Pinta” xusto dez días antes do descubrimento de América.

Duración: 20 minutos

❖ **10:40 horas: ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO (EXPRESIÓN TEATRAL)**

Título: “Soño dunha noite de verán”.

Autor: Versión da obra de William Shakespeare.

Sinopse: Na obra máis orixinal e divertida de Shakespeare atopamos catro accións ben diferenciadas. Primeiro, o drama real dunha rapaza a quen seu pai quere obrigar a casar cun home que non ama. Paralelamente a este problema sentimental, hai unha segunda intriga: a dos personaxes da noite, seres fantásticos e máxicos envoltos en apuros. En terceiro plano temos a unhas artesanas cheas de boa vontade, que queren representar unha peza teatral en honor do duque. E finalmente, nun cuarto plano dramático, a propia obra que poñen en escea as inxenuas aficionadas, un drama tráxico convertido en divertida e grotesca farsa.

Duración: 40 min

➤ **11:20 horas: DESCANSO (30 min)**

❖ **11:50 horas: CEIP SALADINO CORTIZO**

Título: “O coelliño branco”.

Autor: Xosé Ballesteros

Sinopse: O coelliño branco é a adaptación dun conto popular portugués na que un coelliño sae a buscar coles para un caldiño e ó regreso non pode entrar na súa casa porque unha terrible cabra ocupou o seu fogar . O coelliño non atopa axuda entre os animais da granxa pois todos eles temen enfrentanse á feroz cabra ata que se demostra que a velentía non é cuestión de tamaños...

Duración: 15 minutos

➤ **12:05 horas: Clausura da Xornada Teatral e entrega de diplomas.**

➤ **12:40 horas: Saída dos autobuses con destino ós diferentes colexios.**